



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Javier de Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. José M^a Da Rocha Álvarez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Julio Taboada Pérez
D^a Margarita Estévez Toranzo
D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
D. J. Angel Álvarez Moreira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xosé Henrique Costas González
D. Guillermo De Oca Cancela
D. José Durany Castrillo
D. Luis Espada Recarey
D. Manuel Fernández Areal
D. José Ramón Fernández Bernárdez
D. Manuel Fernández Cruz
D. Rubén Frieiro Barros
D. Alberto Gago Rodríguez
D. José Manuel García Vázquez
D. José M^a Gil Villanueva
D. Alejandro V. Gómez Soler
D. Francesco Saverio Gugliotta Bastos
D. Manuel Gutiérrez Nieto
D. Alfonso Luis López Otero
D^a M^a del Pilar López Vidal
D. Víctor M. Martínez Cacharrón
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Alejandro Padín Mariño
D. Luis Pérez Gómez
D. Mariano P-Mtnez. y P-Amor
D. José Pose Blanco
D. Manuel J. Reigosa Roger
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D^a Antía Rodríguez Nieves
D. Carlos Román Lago
D. Antonio Rotea Villanueva
D. Eduardo Soto García
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. José Tojo Suárez
D. Federico Vilas Martín
D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, do once de decembro de mil novecentos noventa e oito, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O venres, **día 11 de decembro de 1998**, ás 10.45 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

1º.- Aprobación, se procede, de Acta de sesión anterior (16.11.98).
2º.- Informe do Rector.
3º.- **A s u n t o s d e**
Profesorado: Prazas
B O E ;
Transformacións;
Comisións de
S e r v i c i o * ;
P r o f e s o r e s

Visitantes*; e Permisos.

4º.- Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento do ano 1999.
5º.- Aprobación, se procede, do Regulamento de Xestión patrimonial.
6º.- Aprobación, se procede, de expedientes de modificacións de crédito.
7º.- Aprobación, se procede, de expediente de validacións de gasto.
8º.- Aprobación, se procede, da creación de Comisións de Adaptación nos Centros.
9º.- Resolución de solicitudes de validación.

- 10º.- Nomeamento dos membros da Comisión de Biblioteca.
- 11º.- Proposta de concesión do grao de "Doutor Honoris Causa" a: D. Aníbal Ramón Figueiras Vidal (Dpto. "Tecnoloxías das Comunicacions"); D. César Milstein (Dpto. "Bioquímica, Xenética e Immunoloxía"); D. Xosé Luís Méndez Ferrín (Dpto. "Filoloxía Galega e Latina"); e D. Xaime Isla Couto (Dpto. "Psicoloxía Evolutiva e Comunicación Social").
- 12º.- Aprobación, se procede, de sinatura de Convenios de colaboración coas Universidade de Boyacá (Colombia) e a Universidade Menéndez Pelayo.
- 13º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo e actúa coma Secretaria, a Xeral da Universidade, D^a Margarita Estévez Toranzo.

No **punto 1**, apróbase por asentimento a acta da sesión do 16 de novembro de 1998, coas correccións que se recollen na redacción definitiva.

No **punto 2**, O Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo informa do seguinte:

-Os PODs xa foron enviados ós Centros;

-Tendo en conta que se están a recibir propostas de supresión, división ou modificación de Departamentos, a estrutura departamental definitiva presentarase na sesión do Claustro que terá

lugar en marzo ou abril de 1999;

-As eleccións ós Consellos de Campus van ser convocadas de inmediato e o proceso rematará a finais de xaneiro de 1999;

-Tamén informa do recente nomeamento de D. Angel Rodríguez de Lera, como Director do CACTI e de D. Antonio Gallardo Correa, como Director da Oficina de Medio Ambiente;

-Da lectura a un escrito do Servicio de Deportes sobre o equipo de fútbol sala en resposta a unha pregunta dunha Xunta de Goberno anterior;

-Por último informa sobre a redacción definitiva do artigo 18 do Regulamento de Títulos Propios e do acordo dos estudantes de que sexa D. Juan Carlos Carpintero Sánchez, o membro do seu sector, que estaba pendente de elixir, na "Comisión de Cursos de Especialización e Convenios".

No **punto 3** e no que se refire a "Prazas BOE", hai unha quenda de intervencións en relación coa praza de TIT-EU da área 605 "Mecánica de medios continuos e teoría de estruturas", motivado por un escrito asinado por D. José Carlos Caamaño Martínez, no que fai constar que renunciaría á actual praza de asociado no caso de non obte-la outra.

O profesor Corbacho Rosas opina que este escrito é pertinente e en sentido contrario maniféstanse os profesores García Vázquez, Cidrás entre outros.

O profesor Durany Castrillo di que non se debe vincula-la saída de prazas á promoción de asociados a tempo parcial.

O Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo explica que este escrito non é necesario pero que permitiralle ó Departamento amortizar no seu día a praza de asociado; debe, pois, entenderse como unha garantía para o Departamento.

Apróbanse a saída das seguintes prazas ó BOE, coa abstención do profesor Surís Regueiro:

C07	640	CAT-UN	Ourense	- - -
T06	295	CAT-UN	Vigo	- - -
C01	630	TIT-UN	Ourense	Rodríguez López, Luis Alfonso
C04	220	TIT-UN	Vigo	Pardo Gamundi, Isabel
C04	220	TIT-UN	Vigo	González Castro, Bernardino
C08	755	TIT-UN	Vigo	Graña Rodríguez, Ana M ^a
T07	520	TIT-UN	Vigo	Paz Domonte, Enrique
T07	520	TIT-UN	Vigo	Raimundez Álvarez, Cesáreo
T12	560	TIT-UN	Vigo	Rodríguez Hernández, Pedro Salvador
T12	560	TIT-UN	Vigo	González Castaño, Francisco Javier
H04	345	TIT-EU	Ourense	McNicholls, Stuart John

Apróbanse as seguintes transformacións, cos efectos seguintes:

C01	630	Sieiro Vázquez, M. Carmen	de AXU-UN2 a PP2 (efecto: X. de Goberno)
C07	750	Falqué López, Elena	de PP1 a PP2 (efecto: X. de Goberno)
C10	280	Alejo Flores, Irene	de PP2 a TIT-UN(I) (efecto: X. de Goberno)
H02	583	Fariña Busto, M ^a Jesús	de ASO-T3 T a TIT-UN(I) (efecto: X. de Goberno)
H03	370	Vidal Figueroa, Tiago	de PP1 a ASO-T2 TC (efecto: 01-10-98)
H03	370	Fernández Salgado, Benigno	de PP1 a TIT-UN(I) (efecto: X. de Goberno)
T12	800	Isasi de Vicente, Fernando	de PP1 a TIT-UN(I) (efecto: X. de Goberno)
X06	225	González Cerdeira, Xulia	de PP1 a PP2 (efecto: 01-10-98)

X06	225	González Martínez, Xosé M.	de PP1 a PP2 (efecto: 01-10-98)
X09	650	Pardo Froján, Juan Enrique	de PP1 a TIT-UN(I) (efecto: X. de Goberno)
X09	650	González Gurriarán, Jorge	de CAT-EU P6 a CAT-EU T (efecto: 01-10-98)

Tamén se aproba autorizar ó profesor D. Miguel Angel Merino Gil, X09-650, para que a súa toma de posesión sexa como TIT-UN a tempo completo.

Sobre as Comisións de Servicio, intervén o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo; xustifica a solicitude da comisión do profesor Vilares Ferro baseándose na nova titulación no Campus de Ourense relacionada coa área e a elaboración do plano de estudos correspondente. Di que o profesor Vilares Ferro encargárase da posta en marcha da nova titulación e organizaría un grupo de investigación.

O profesor Barreiro Alonso pregunta que funcións realizaría este profesor, xa que actualmente non hai docencia asignada á área de "Ciencias da Computación"; propón que non se pida a comisión e que se nomee como experto para a elaboración do plano de estudos.

Prodúcese unha votación entre as dúas propostas:

- a favor da proposta do Rector... 25 votos
- a favor da proposta do profesor Barreiro... 13 votos

Queda aprobada a solicitude á universidade á Universidade da Coruña da Comisión de Servicio para o profesor Manuel Vilares Ferro.

Apróbase por asentimento a contratación dos seguintes profesores visitantes:

- D^a M^a José Sánchez-Biezma Serrano, coa categoría de TIT-UN, para o 2º cuadrimestre;
- D. Manuel Vázquez Vázquez, coa categoría de PP2
- D. Luis García Sanz, coa categoría de TIT-EU
- D. Marco Virtanen, coa categoría de TIT-EU
- D. Angel Petkov Venedikov, coa categoría de CAT-UN
- D. Ana Isabel Sinde Cantorna, coa categoría de PP1

Apróbase a concesión dos seguintes permisos:

- D. Carlos Mosquera Nartallo do 01.02.99 ata 31.07.99
- D. Luis González Rodríguez do 01.03.99 ata 31.05.99

No **punto 4**, o Vicerrector de Planificación, D. José M^a Da Rocha Álvarez expón as liñas xerais do proxecto de orzamento para o ano 1999; ascende a 14.900 millóns de pesetas, estando xa incorporado como ingreso o remanente dos anos 1997 e 1998. Trátase dun presuposto expansivo nas inversións, cun crecemento importante nos capítulos IV e VI e conxelando os gastos correntes.

O Vicerrector aclara algunhas cuestións ou erros nas páxinas 27, 29 e 34, que xa foron entregadas ó comezo da sesión.

De seguido interveñen varios membros da Xunta de Goberno.

O profesor Corbacho Rosas pregunta se na partida de 100 millón para profesores visitantes vai incluída unha partida baseada no concepto de estímulo e se a ampliación do edificio de Económicas e Dereito é un proxecto ou son dous (*o Sr. Vicerrector responde que se trata de dous*).

Pregunta cal é a previsión de folgura nas áreas para chegar ás cantidades que aparecen no proxecto (*o Vicerrector explica que esas cantidades non están precisadas, só estimadas polo Servicio de Persoal; aínda non hai unha boa base de datos que permita plasmar en termos económicos o cadro de profesorado; o que se fai é unha estimación suficiente prudente en función dos procesos de promoción pendentes*).

O profesor Rodríguez Berrocal di que o presuposto debe ser obxecto de debate político e concreta que se está a desperdiciar unha oportunidade histórica de facer un bo presuposto tendo en conta o remanente dos anos anteriores (*o Vicerrector explica que por primeira vez realizouse un proceso de consulta a Centros e Departamentos e recibíronse comentarios, ideas e peticións, que foron reflectidos no orzamento; di que nesas reunións percibíronse preocupacións pola axilidade, eficacia, trámites e xestión económica e non tanto malestar polas cuantías actualmente recibidas*).

O profesor Tojo Suárez pregunta se o proxecto xa foi enviado ó Claustro e pregunta porque a Comisión Económica tivo lugar con tan pouca antelación con respecto á Xunta de Goberno (*o Vicerrector recoñece o curto dos prazos pero explica que os procesos de consulta previos alongaron a elaboración*).

O profesor Gago Rodríguez valora de forma moi positiva que por primeira vez os Departamentos puideran facer propostas e priorizar as necesidades; di que o proceso de elaboración foi totalmente correcto: o goberno presenta un proxecto, a Comisión Económica o examina e os órganos colexiados presentan emendas, se procede.

O profesor Barreiro Alonso pregunta ó Vicerrector pola valoración que fai das peticións dos Centros (*responde que a valoración é moi positiva pero a resposta moi desigual*).

Comeza de seguido a presentación de emendas.

O Sr. Martínez Cacharrón presenta unha emenda asinada por el mesmo e polos Sres. López Otero, Soto García e a Sra. Rodríguez Nieves, no concepto 229.03 (pax. 32, artigo 22), defendendo que onde di "Delegación de alumnos" diga "Delegacións (locais) e representantes de alumnos".

Sucédense varias intervencións a favor e en contra.

A Mesa propón deixa-la partida 229.03 como estaba e cambia-la redacción da pax. 22, no artigo 3º que quedaría como segue: "Os créditos asignados ás Delegacións de alumnos terán como primeiro obxectivo atender ós gastos derivados das súas actividades propias e as asociadas ós representantes de estudantes nos órganos de goberno da Universidade, nembargantes...".

Acéptase a proposta.

A petición dos profesores Da Rocha Álvarez e Tojo Suárez, suspéndese a sesión durante 30 minutos para tratar dunha posible transacción.

De seguido e logo da xuntanza mantida, proponse a seguinte emenda transaccional:

- concepto 221.02... pasar de 60 a 90 millóns;
- concepto 222... pasar de 120 a 100 millóns;
- concepto 227.06... pasar de 100 a 90 millóns;
- concepto 626... pasar de 250 a 200 millóns;

- concepto 641.01... pasar de 300 a 330 millóns;
- concepto 641.02... pasar de 45 a 55 millóns.

O profesor Cidrás Pidre di que con esta emenda non se mellora o presuposto.

O profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor pide que conste en acta que debe incrementarse o número de secretarías de Departamento.

O profesor Gago Rodríguez opina que esta emenda clarifica o proxecto, define o camiño a utilizar no futuro e abre as vías a un acordo amplo favorable; di que traslada ó exterior unha imaxe positiva de toda a Universidade e que os datos numéricos concretos perden importancia en relación con esa valoración positiva.

O profesor Surís Regueiro pregunta se a aceptación da emenda implica a aceptación do proxecto.

O profesor Tojo Suárez suxire que sexa remitida ós claustrais a nova versión do texto (unha vez incorporadas as emendas) e que se teña a posibilidade de presentar novas emendas antes do Claustro.

O profesor Pose Blanco pregunta se se ten o dato da subvención incondicionada da Xunta.

Responde o Xerente, D. Julio Taboada Pérez dicindo que en calquera administración, os ingresos son estimados e que o que se ten polo de agora é unha confirmación telefónica da Dirección Xeral de Universidades.

Sométese o proxecto, xunto coas emendas, a votación, co resultado seguinte:

-votos a favor...	34
-votos en contra...	0
-abstencións...	8

Queda aprobado o proxecto de orzamento do ano 1999.

No **punto 5**, o Xerente, D. Julio Taboada Pérez explica que unha vez que o Regulamento de Xestión Patrimonial foi aprobado pola Comisión Económica e tendo en conta que ten que ser aprobado polo Consello Social, propón modificacións puntuais para harmonizar este regulamento co do Consello Social. Os artigos modificados serían os seguintes: 7, 17, 25, 26, 34, 37 e 43.2. Os membros da Xunta de Goberno xa teñen dende o inicio da sesión a nova redacción onde se recollen estas modificacións.

O profesor Pose Blanco opina que se están a dar demasiadas atribucións ó Consello Social o que pode levar a problemas de funcionamento ó quipo rectoral; di que poden existir contradicións entre este regulamento e o de xestión económica aprobado polo Claustro.

O profesor Surís Regueiro pide aclaracións sobre como se fai a valoración pericial no caso de cesión ou doazóns de bens.

O Sr. Rotea Villanueva di que este documento vai axiliza-la xestión patrimonial da Universidade.

Faise a votación do regulamento co seguinte resultado:

-votos a favor...	26
-votos en contra...	0
-abstencións...	8

Apróbase o Regulamento de Xestión patrimonial.

Os **punto 6** (expedientes de modificacións de crédito) e **punto 7** (expedientes de validacións de gasto) apróbanse por asentimento

No **punto 8**, o Vicerrector de Organización Académica, D. Antón Fernández Álvarez explica os problemas que xorden naqueles casos en que un cambio forzoso (por extinción) de plano de estudos obriga a cursar un número de materias moi superior ás pendentes no plano anterior; presenta para a súa aprobación un documento aprobado na COAV, para dispor dunha solución transitoria ó problema.

Instase ós Centros a que revisen os cadros de validacións entre planos de estudio e de se-lo caso, soliciten ó BOE a correspondente modificación.

O profesor Corbacho Rosas opina que este tema está pouco estudado e que se podería resolver mediante un sistema de libre elección.

O señor Frieiro Barros considera moi boa esta solución e di que non deber cingirse ó ano 99.

O profesor Fernández Bernárdez non está de acordo co profesor Corbacho Rosas, xa que este non é un tema de libre elección.

O señor Álvarez Moreira apoia a proposta e di que na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais hai casos semellantes ós da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación.

O profesor Candelas Colodrón di que a propia Comisión de Validacións dos Centros podería servir para este fin.

Sométese a votación o texto cunha modificación no punto 1, na que se cambia ano 1999 por curso 1998/99:

-votos a favor...	25
-votos en contra...	1
-abstencións...	6

Apróbase a creación de Comisións de Adaptación nos Centros (anexo I).

No **punto 9**, solicitudes de validación, o Vicerrector de Organización Académica, D. Antón Fernández Álvarez informa que a COAV decidiu devolve-lo expediente á Comisión de validacións de Centro e dar un prazo para que resolva de novo, incorporando os informes da áreas.

Acórdase por asentimento delegar na COAV a resolución definitiva deste caso.

No **punto 10**, nomeamento dos membros da Comisión de Biblioteca, a proposta no sector de PDI (Persoal Docente e Investigador) apróbase por asentimento e é a seguinte:

-D^a M^a José Roca Fernández (Xur-Soc) - Fac. Dereito Ourense

- D. Manuel Gutiérrez Nieto (CC. da Saúde) - E.U. de Fisioterapia Pontevedra
- D^a Helena Cortés Gabaudán (Hum) - Fac. Humanidades Vigo
- D. Pedro Pablo Gallego Veigas (CC) - Facultade de Ciencias Vigo
- D. Manuel Fernández Iglesias (Tec) - E.T.S. de Enx. de Telecomunicación Vigo

Nos sectores PAS (Persoal Docente e Investigador) e Alumnos/as, queda posposto o nomeamento dos seus representantes.

No **punto 11**, o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo somete á consideración da Xunta de Goberno as propostas de concesión do grao de "Doutor Honoris Causa" recibidas durante o ano 1998.

Indica que é intención do equipo de goberno encargar á Comisión Académica do Claustro un estudo sobre os criterios a cumprir para un nomeamento deste tipo e sobre o procedemento a seguir. Mentres, indícase ós Departamentos que non tramiten novas propostas ata que as novas directrices estean elaboradas.

As propostas recibidas son as seguintes:

- D. Aníbal Ramón Figueiras Vidal (Dpto. "Tecnoloxías das Comunicacións");
- D. César Milstein (Dpto. "Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía");
- D. Xosé Luís Méndez Ferrín (Dpto. "Filoloxía Galega e Latina"); e
- D. Xaime Isla Couto (Dpto. "Psicoloxía Evolutiva e Comunicación Social").

Os profesores Fernández Bernárdez, Rodríguez Berrocal, Candelas Colodrón e Espada Recarey, respectivamente, fan a presentación do curriculum da cada un dos candidatos.

Interveñen varios membros da Xunta de Goberno.

O profesor Rodríguez Berrocal dubida sobre a excelencia para ser "Honoris Causa" dalgún dos candidatos.

O profesor Tojo Suárez considera excesivo conceder catro Doutores Honoris Causa nunha sola Xunta de Goberno, e que en algún caso, entende que os méritos que se achegan na documentación non son suficientes para esta distinción.

O profesor Candelas Colodrón explica o resultado da votación na Facultade de Humanidades.

O Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo interveñen para aclarar que non sempre resulta fácil cualificar a excelencia, recorda que tódalas propostas chegan á Xunta de Goberno despois de cumprir os requisitos establecidos na normativa vixente.

O profesor Reigosa Roger manifesta o seu acordo coa intervención do Rector e opina que deben aprobarse tódalas propostas.

Sométense as propostas a votación secreta, co seguinte resultado:

D. Aníbal Ramón Figueiras Vidal:	
-a favor...	26 votos
-en contra...	3 votos
-en branco...	2

D. César Milstein:

-a favor...	24 votos
-en contra...	3 votos
-en branco...	4

-

D. Xosé Luís Méndez Ferrín:

-a favor...	24 votos
-en contra...	4 votos
-en branco...	3

D. Xaime Isla Couto:

-a favor...	24 votos
-en contra...	4 votos
-en branco...	3

Quedan aprobadas as propostas para ser levadas ó Claustro para a súa ratificación.

O profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor pide conste en acta que "*dada a significación que para a historia da Universidade ten a concesión do grao de Doutor Honoris Causa, insisto, xa que así o expuxen nunha anterior Xunta de Goberno, que deberían establecerse uns mínimos razoables sobre os que basearse para conceder o dito grao.*

No caso que nos ocupa, considero que varios dos candidatos propostos non cumprirían eses mínimos criterios, polo que, o meu voto é a abstención".

No **punto 12**, apróbase por asentimento a sinatura de Convenios de colaboración coas Universidade de Boyacá-Colombia e a Universidade Menéndez Pelayo.

No **punto 13**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D. **FRANCISCO J. RODRÍGUEZ BERROCAL**.- Pregunta cando se incorporarán os técnicos de laboratorio.

-D. **VÍCTOR M. MARTÍNEZ CACHARRÓN**.-

1) Pregunta se o Rector é consciente das precarias condicións nas que o alumnado accede ó Campus de Lagoas-Marcosende utilizando o servizo de transporte urbano e polas medidas a tomar para solventar-la situación.

2) Roga que a Universidade de Vigo lle transmita ó Concello de Vigo a súa preocupación pola anunciada suba no prezo do billete do transporte público ó Campus de Vigo, así como o incumprimento do prego de condicións por Vitrasa.

3) Roga que a venda do "bono-bus" se realice nas escolas e facultades daqueles Campus nos que a Universidade de Vigo subvenciona o custo do billete.

4) Roga que o aumento da partida orzamentaria destinada á subvención do transporte se aproveite para mellorar-las condicións do transporte colectivo para o alumnado procedente das comarcas próximas ós diferentes Campus.

5) Roga que se estenda a aplicación da denominación "Rúa do Porto" a toda a documentación na que figure o enderezo do Rectorado.

-D. **ALFONSO LUIS LÓPEZ OTERO**.- Pregunta:

1) polas declaracións do concelleiro de tráfico de Ourense sobre un convenio "bono-bus";

2) polas negociacións con Renfe e coas liñas de autobuses;

- 3) pola cafetería centras no Campus de Ourense; e
- 4) polos problemas de matrícula no Campus de Ourense.

Roga que se vele polo cumprimento do artigo 4.1 dos Estatutos sobre o uso do galego.

-**D. J. ÁNGEL ÁLVAREZ MOREIRA.**- No orzamento aprobado abríronse dúas contas de ingresos: a 330 (venta de publicacións) e 339 (venta doutros bens); as preguntas son:

1) ¿onde podo mercar un libro do servizo de publicacións? ¿onde podo adquirir unha camiseta, un chandal, un pin da Universidade de Vigo?.

2) ¿Vaise renova-lo convenio coa Cruz Vermella para o Campus de Vigo? Solicito que na renovación se pida que de seguido haxa persoal sanitario titulado (se é licenciado moito mellor).

Roga que as Xuntas de Goberno próximas teñan lugar nos diferentes Centros e que deste xeito tódolos membros da mesma poidan ter un coñecemento máis directo das necesidades e vicisitudes dos diferentes Centros. Ademais, ningún membro da Comunidade universitaria será prexudicado ó pensar que o seu centro atópase discriminado dalgún xeito.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 20.00 h. do día 11 de decembro de 1998 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo